



Severino Álvarez Monteserín, secretario do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do dezanove de abril de dous mil dezaioito, aprobou o seguinte acordo:

“Ao abeiro da alínea Dous, letra l), da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, apróbase a seguinte modificación do Acordo do Consello de Dirección do 14 de abril de 2015 que establece as regras de xestión das solicitudes de cesión temporal do uso e aproveitamento de predios que integran o Banco de Terras de Galicia: Primeiro.- O subapartado 4.1.1.-“Criterios de adxudicación de predios”, da regra 4.-“Solicitudes de cesión para arrendamentos agrícolas e gandeiros”, no criterio “Colindancia e proximidade” terá a seguinte redacción:

Punt. Máxima	Criterio	Nº orde	Variable	Puntuación
60	Colindancia e proximidade	13	Parcela propia colindante	40
		14	Parcela arrendada ou propia a menos de 100 m	25
		15	Parcela arrendada ou propia a menos de 300 m	15
		16	Explotación a menos de 2 km	10
		17	Explotación entre 2 e 5 km	5

Segundo.- A letra a) do n.º 2 do subapartado 5.1.1.-“Autorización de usos forestais”, da regra 5.-“Solicitudes de cesión para arrendamentos forestais”, terá a seguinte redacción:

- a) Cando existan vivendas, construcións e instalacións situadas a unha distancia inferior ás indicadas no artigo 68 e no anexo II (actualmente 15 metros para especies de frondosas do anexo I e 50 metros para o resto de especies) da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG n.º 140, do 23 de xullo), ou norma que a substitúa, modifique ou complemente, salvo que se trate de construcións e instalacións forestais



destinadas á extracción da madeira ou á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, en cuxo caso se admitirá o aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal.

Terceiro.- A modificación sinalada no apartado primeiro producirá os seus efectos dende o día seguinte a o da súa aprobación polo Consello de Dirección.

A modificación sinalada no apartado segundo producirá os seus efectos en relación ás solicitudes de cesión de predios que se presenten nos períodos outubro-novembro de 2018 e seguintes.”

A acta do citado Consello de Dirección está pendente de aprobación nunha xuntanza posterior.

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a dezanove de abril de dous mil dezaioito.

Vº e praxe

A presidenta de Agader

Ángeles Vázquez Mejuto

O secretario do Consello de Dirección

Severino Álvarez Monteserín